



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Marzo 2017 • Nº 210



PEQUENOS... GRANDES XESTOS!!

■ Moitas veces temos que falar de civismo... esta é unha desas ocasións nas que temos que lembrar que as cousas públicas son de todos e todas e para todos... e cando as desbaratamos todas e todos saímos prexudicados!!... Ademais de que é un exemplo do que non se debe facer para os nosos cativos!!

Na imaxe o estado no que quedou a portería da ludoteca.



Vedra Festeira

GRAN COCIDO EN SAN PEDRO DE SARANDÓN O 26 DE MARZO

■ A comisión de festexos de San Pedro de Sarandón celebra un gran cocido!

- Data: 26 de marzo.
- Hora: ás 14:00 h.

Tes ata o 22 de marzo para inscribirte na Taberna de Benjamín. Teléfono 981 503 158

MARZO

L	M	MC	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

AXENDA PARA O MES DE MARZO

- O 4 de marzo ás 11:00 h.: Ruta entre camelias.
- O 9 de marzo: Visita á Estación Fitopatolóxica do Areeiro e Pazo Quinteiro da Cruz.
- Nas últimas semanas de marzo chega a semana da ciencia con actividades escolares, obradoiros, charlas, mesas redondas... E o domingo 2 de abril Feira da Ciencia na Casa das Artes de Vedra (antigo Museo Paz Camps).

AXENDA DAS ASOCIACIÓNS

- Cursos de formación da Asociación Berenguela... durante as fins de semana de marzo.
- XIV Mostra de Teatro Amador da Asociación Papaventos. "Teatrofilia 2017".
- Cocido da Comisión de Festexos de San Pedro de Sarandón o 26 de marzo.

E EN MARZO HABERÁ ENTROIDO EN...

- San Xián o sábado 4 de marzo.
Percorrendo toda a parroquia e atranques no campo da festa ás 19:00 h.
- Trobe o domingo 5 de marzo.
Con concurso de disfraces e atranques no campo da festa / local multiusos ás 19:00 h.



Escola de Saúde: Charla sobre o autocoñecemento.



Posta a Punto. Charla para a xuventude: "Que che ofrece Europa?"



Vedra promociona os seus produtos e recursos turísticos en Xantar-Ourense.



Visita de Blogueros a Vedra, na exposición dos xenerais da Ulla na Casa dos Peóns.



Charla da DXT sobre camiñar con seguridade.



Acto de Clausura do Obradoiro de Emprego "Vedra - Boqueixón" 2016.



Tes a galería fotográfica no facebook do concello.



Galería fotográfica na páxina de facebook maratón da camelia.

O ENTROIDO EN VEDRA



Entroido en San Pedro de Villanova.



Festa do cocido e Entroido en Vedra.



Actuación de títeres: xeneralas da Ulla na festa de Entroido.



Festa de Entroido na Casa das Artes de Vedra.



VEDRA MEDRA

■ Dixo no monte unha vella: vaite febreiriño corto, cos teus días vinte e oito, que, se tiveras máis catro, non quedaba can, nin gato. Febreiro contestou moito: “os teus becerriños oito, deixa que meu irmán marzo hachos de volver en catro” (MV 1879).

Deixamos febreiro e empezamos mes novo.

E queremos facelo encabezando este espazo coas coplas do estradense Marcial Valladares porque o que se aveciña é para **Vedra medra** un mes “de copla”.

O día 7 de febreiro comezou o **obradoiro sobre patrimonio** destinado ao alumnado de ESO. Ideado como unha actividade complementaria dentro do proxecto **Vedra medra**, desenvolverase dende febreiro ata finais de abril en horario de 17:00 a 18:30 os martes e os xoves.

Participan neste momento arredor de 50 alumnos/as de ESO de diferentes cursos e que comezaron participando no taller “Introdución á linguaxe cinematográfica”.

As **Coplas ullás** da Asociación Raiceiros serviranlles de inspiración para o vídeo de promoción da contorna vedresa que pretendemos gravar.

Para as “**primeiras frebas de marzo**” (os primeiros días de mes), temos previstas **saídas** coa rapazada de educación infantil ao Pazo de Santa Cruz de Ribadulla.



E na última semana realizárase finalmente a xornada de difusión cultural “**Vestindo o patrimonio vedrés**”, arredor do liño, que houbo que retrasar.

Contará con dúas sesións “O fiadeiro: contar e cantar”, no que se lle dará voz á xente do concello e “Cal fiamos, tal andamos”, na que nos visitará a Asociación Cultural Tamparrantán de Santo André de Veá (A Estrada).

Como referente estable da actividade haberá unha exposición de útiles tradicionais da colección de Manuel Vilas que se usaban na produción téxtil artesanal e música e baile de fiada.

Se desexan colaborar connosco ou se queren estar ao tanto do noso labor, poden seguirnos en:

<https://www.facebook.com/vedramedra/>



VEDRA EN CIENCIA 2017

■ ...no mes de marzo chega unha das grandes apostas do concello pola educación, como é a **Semana da Ciencia**.

Este ano cos legumes como protagonistas e cunha programación moi variada que agardamos sexa de moito interese.

Como cada edición esta proposta chegará a cada un dos centros escolares do municipio e conta coa novidade de crear unha categoría especial para os traballos realizados en familia.

Podes consultar a programación e as bases na páxina web:

www.concellodevedra.com

e/ou chamar ao

981 814 691

(Departamento de Cultura).



X JORNADAS DA CIENCIA E A TECNOLOXÍA
2017
vedra enciencia

“Os legumes”

do 6 ao 17 de marzo
OBRADOIROS
“Os legumes”
nos centros educativos

CONCURSO
“Os legumes tamén son ciencia”

CHARLA
“Legumes e saúde”
Beneficios, propiedades e valores nutricionais
Xoves 16 de marzo
ás 20:00 h.
no Centro Social de Vedra

OBRADOIRO
“Horticultura de legumes”
Sábado 18 de marzo
ás 11:30 h.
Inscripción previa

XORNADA
GASTRONÓMICA INTERCULTURAL
“Os legumes nas cociñas do mundo”
Intergeneracional (maiores de 10 anos)
Sábado 25 de marzo
ás 16:00 h.
na Casa das Artes de Vedra
Inscripción previa

FEIRA DA CIENCIA
(presentación dos traballos realizados)
Entrega de premios e agasallos
EXPOSICIÓNS
Domingo 2 de abril
a partir das 16:30 h.
na Casa das Artes de Vedra

+ información e inscricións:
981 814 691

Concello de Vedra

INTERCAMBIOS EUROPEOS

■ Dentro do Programa Erasmus + atopamos esta acción dirixida á mocidade con idades entre os 14 e 30 anos, que ofrece a posibilidade de participar en proxectos de mobilidade europea noutros países con estadias breves (Ex. 1 semana...)

PAZAS PARA UN INTERCAMBIO EN RUMANÍA

- **Datas:** do 22 ao 29 de maio
- **Temática do Intercambio:** contacontos
- **Idades dos/as participantes:** entre 18 e 25 anos
- **Número de prazas:** 4
- **Custes:** o Programa Erasmus+ cubre os desprazamentos, aloxamento e manutención.



Erasmus+

VOLUNTARIADO XUVENIL

■ Programa dirixido a mozos/as de 16 a 30 anos. As áreas onde se desenvolverán as diferentes accións de voluntariado son: atención a peregrinos, dinamización sociocultural, accións ambientais, campo de traballo...



As persoas voluntarias contarán con formación, seguro de accidentes e de R.C, e terán cubertos os gastos de desprazamento e manutención.

Anímate a participar no voluntariado xuvenil ao longo deste próximo verán!, reserva a túa praza!

+ información e inscricións:

981 814 695

ou xuventude@concellodevedra.com

Deporte

NOVO SISTEMA DE RESERVA DE PISTA POLIDEPORTIVA

■ A partir de agora podes facer a reserva da pista polideportiva dende unha aplicación informática moi sinxela á que podes acceder dende a **páxina web do concello** ou dende este enlace: https://www.avaibooksports.com/sri/sri_reserva.php?user=484&cid=2026.

Xa non é necesario acudir ao pavillón para reservar.

Recorda que o pavillón pódese alugar por horas cunha antelación máxima de 7 días. Unha vez feita a reserva on line a persoa usuaria está comprometida ao pago da taxa que se efectuará no propio pavillón antes do uso da pista.



NOVA ETAPA DE SENDEIRISMO

■ • **Data:** 18 de marzo. Carreço – Caminha (percorrido de aproximado de 17 km).

• **Inscricións** ata o 16 de marzo no no teléfono 981 814 691 (en horario de 10 a 14 h.)

• **Puntos e horario de recollida autobús:**

- 1ª parada: 7:00 h. Mosqueiro (San Mamede).
- 2ª parada: 7:10 h. Lestedo.
- 3ª parada: 7:15 h. Breixo.
- 4ª parada: 7:20 h. Hipercor.
- 5ª parada: 7:30 h. Estación de autobuses.



ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ Excursión á “Feira de Vila Nova de Cerveira”

Sábado 11 de marzo.

Prezo: 25 €

(Inclúe transporte, comida e visitas; prazas limitadas).

Programa: visitas ao pobo e á feira, a lugares de interese da zona... (O prazo de inscrición para esta saída, ábrese o 23 de febreiro no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaránse por orde de inscrición).

■ Bingo

Xoves 23 de marzo ás 20:00 h.

■ Viaxes do IMSERSO

Ao longo dos meses de febreiro, marzo e abril as persoas maiores de Vedra vanse de viaxe do IMSERSO.



Excursión da Terceira Idade ás Termas e a Lalín.

PROGRAMA VEDRA, EDUCA

■ Este proxecto vai dirixido a nais e pais con fillos menores de 3 anos do Concello de Vedra. Trátase de traballar coas familias tentando:

- Promover o recoñecemento e valoración do rol de pais e nais no desenvolvemento integral dos menores de 3 anos.
- Fortalecer as capacidades como pais e nais para promover o desenvolvemento infantil dende as accións da vida cotiá, facendo uso dos recursos e espazos do entorno familiar como elementos educativos.
- Fortalecer as redes de apoio na crianza e educación dos menores.



As persoas interesadas contactar no teléfono 699 041 486 en horario de 9:00 h. a 14:00 h. ou a través do correo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com

ACTIVIDADES LUDOTECA



■ Tendo como base das nosas actividades o Programa Conxuga, no que o desenvolvemento da igualdade e a conciliación é o punto de referencia, no mes de marzo centrarémonos na análise de estereotipos, a través de distintas dinámicas, ademais da realización de distintos talleres e obradoiros. Con esta intención, plantexamos os seguintes obradoiros e actividades:

- Coñecendo Australia.
- Xogando en valores: Contacontos.
- Desfile de entroido pola Igualdade.
- Obradoiro emocional.
- Celebración do día da muller traballadora “lipdub”.
- Máquina do tempo, plastihistoria.
- “Mr. Manitas”.
- Menudos/as artistas.
- Compañeiros/as de xogo: Xogo en gran grupo.
- Superchef.



PUNTO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EDUCATIVO MUNICIPAL

■ Lembramos que está a funcionar o Punto de Información e Asesoramento Educativo Municipal, que ten como obxectivo:

- Asesoramento ao alumnado e ás súas familias sobre as posibles alternativas educativas.

Como contactar?

A través do teléfono 981 814 612 ou do correo electrónico carmen.sabio@vedra.dicoruna.es



XIV EDICIÓN TEATROFILIA COA ASOCIACIÓN PAPAVENTOS

■ ...Chega unha nova edición desta Mostra de Teatro Amador que enche de contido cultural tres fins de semana en Vedra!!

Prezo: 5 euros. **Prazas limitadas.** Imprescindible inscrición previa: ac_papaventos@yahoo.es



NON TE PERDAS A SÚA PROGRAMACIÓN!!

Venres 17 de marzo

- 21:15 h. "Frío" - Farrapo Teatro (Santiago de Compostela) +7.

Sábado 18 de marzo

- 21:15 h. "O de menos é o nome" - Agrupación Teatral Mariñán (Betanzos) TP.

Domingo 19 de marzo

- 16:30 h. "Benvido, Sr. Ilustrado!" Visita teatralizada aos xardíns do Pazo de Ortigueira - Andaravía Teatro (Vedra)* TP.
- 19:15 h. "Noiteboa" - Rhythm Teatro (Vedra) +12.

Venres 24 de marzo

- 21:15 h. "Pánico!" - Farandoleiras Cabaré (Oleiros) +14.

Sábado 25 de marzo

- 21:15 h. Radioteatro. "Unha historia case real" - Grupo de teatro de maiores do Centro Social de Vedra.
- "A vaquiña" - Andaravía Teatro (Vedra) TP.

Domingo 26 de marzo

- 19:15 h. "Des-enlace" - TikTak Teatro (Santiago de Compostela) TP.

Venres 31 de marzo

- 21:15 h. "Fuga" - Gargallada Teatro (O Barco de Valdeorras) +7.

Sábado 1 de abril

- 17:00 h. Tarde infantil. "A volta ao mundo en 80 días" - Escola de San Miguel de Sarandón (Vedra).
- "O xigante Gandulfo" - Grupo de Teatro da A.C. Coto-manguelo (Orazo).
- 21:15 h. "Dramaturxia das mulleres" - Inherente Teatro (Vigo) +12.

Domingo 2 de abril

- 19:15 h. "Misterios" - O Aturuxo de Melpómene (Narón) Infantil.

Venres 7 de abril

- 21:15 h. "Cabaret Salomé" - GN Teatro (Santiago de Compostela) TP.

Sábado 8 de abril

- 21:15 h. "O mordomo, of course" - Debullando Teatro (Negreira) +7.

A ASOCIACIÓN BERENGUELA POLA IGUALDADE

■ Presenta unha nova proposta... Esta vez cursos de formación de interese que cubrirán as fins de semana de marzo. Podes inscribirte no que mellor che conveña!!

Deste xeito a asociación fai mostra do seu gran labor para e pola muller no mes no que se adica un día á muller traballadora!!



Inscricións e +info: 981814691
Antes do **xoves** anterior a cada xornada.

Organiza:



Colabora:



XORNADAS TÉCNICAS SOBRE O MUNDO E A CULTURA DO VIÑO E DAS VIÑAS, CON MOTIVO DA XXXVII FESTA DO VIÑO DA ULLA

- Dias 22, 23, 24 e 25 de marzo.
Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón.

Mércores 22 de marzo ás 20:00 horas.

Carlos Manuel Blanco Blanco: Técnico especialista en viticultura e enoloxía (enólogo Rectoral do Umia). **Conferencia:** "Influencia da calidade dos viños da caste albariño, según diferentes factores".

Xoves 23 de marzo ás 20:00 horas.

Antonio Muñoz González: Director técnico Viños e Bodegas Galegas. **Conferencia:** "Valoración dos viños galegos no mercado español e no mercado da exportación".

Vernes 24 de marzo ás 20:00 horas.

Sonia Otero Padín: Vogal de IG. "Augardentes e licores con indicación xeográfica" con cata de augardentes e licores.

Sábado 25 de marzo.

Visita á Adega Ribeira Sacra.

Inscríbete no 981 814 691 antes do inicio das xornadas.



A ASOCIACIÓN AMIGOS DA CAMELIA DO VAL DO ULLA

■ Por organizar conxuntamente co Concello de Vedra as XXII Xornadas Arredor da Camelia, as cales reuniron deporte, turismo e cultura como propostas para e por Vedra!!

...E como broche o domingo 26 conseguiu presentar a beleza da flor da camelia con traballos ornamentais das 12 parroquias, adornados e acompañados sempre da flor protagonista da xornada...



Podes botarlle un ollo á galería fotográfica no facebook do concello de Vedra.

Á ASOCIACIÓN SENUNPESO

■ Polos seus dez anos de Laboratorio Audiovisual en Vedra, que ano tras ano foi quen de converterse en toda unha referencia no seu sector. Sendo capaces sempre de innovar, sorprender, mellorar,... todo un exemplo de boa organización e de aproveitamento dos recursos!!

Parabéns por este último LAV, por cada un deles e por todos os que virán!!



Podes ver toda a súa actividade na páxina www.senunpeso.org

AO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA

■ Non só polos seus máis que excelentes resultados deportivos converténdose en Campións Galegos Absolutos!! Senón tamén por ser perfectos anfitrións dunha proba autonómica como é o Duatlón Campio-

nato Galego contrareloxo por equipos. Os bos resultados son eco do esforzo e do bo traballo que dende os seus inicios o Club Olímpico de Vedra ven realizando!!



Podes ver toda a súa actividade na páxina www.olimpicodevedra.org

PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.